

Onde estás? Non te atopo, porque xogas ás agochadas co que fun? Con aquel reflexo de min que aínda se plasma no máis fondo das miñas meniñas. Xa non sei quen es, equivoqueime de lugar, xa non estou segura. O espello mínteme, vexo a alguén inseguro, demacrado, desfeito polos anos que pasaron porriba del como pedras que o ían lapidando cun incesante ritmo, que conseguía chegar ata o seu corazón. Xa non recoñezo os teus ollos, onde vai ese brillo que se reflectía neles cando algo te apaixonaba? Quen es? Dixéronme que non podía falar con descoñecidos, non sei porque me atopo tan preto de ti. Fasme dano, fas que as miñas feridas, gardadas nunha caixa de Pandora durante anos, emerxan á realidade. Non me gustas. Como puido pasar isto? As gotas de sangue esvaraban polas miñas mans salpicando o xeadó chan. Miraba ao meu arredor, encontrábame nunha realidade virtual da que non podía escapar. Como era posible? Non podía ser verdade, eu nunca faría iso. Pero a presenza implacable daquel corpo no chan producíume un arrepío que recorreu as miñas costas. Como o fixera? Aquele corpo estaba cheo de sangue e ao seu carón atopábase outra persoa. Quen era? Eu xa me fora dalí, a miña mente tiña que fuxir cara un lugar seguro, pero non sabía para onde ir. Como ía encontrar eu un lugar seguro se sentía terror no meu propio corpo? Aquela muller que estaba a carón do cadáver non era eu, simplemente era alguén ao que soía coñecer.